

REGULAMENTO IV TRIALÓN ATLÁNTICO (Baiona 2018) Campionato Galego de Distancia Estándar Sen Drafting

1. Organizan:

Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno.
Concello de Baiona.
Deputación de Pontevedra.
Club Natación Galaico.
Club Triatlón Motobike-Galaico Pontevedra.
Email: triatlonatlanticobayona@gmail.com
Persoa de contacto: Román Rebanal Alfaya.
Teléfono: 608 957 323

2. Patrocinan:

Secretaría Xeral para o deporte.
Deputación de Pontevedra.
Concello de Baiona.
Motobike Pontevedra.
Club Natación Galaico.
Gabinete Inmobiliario Pontevedra.
Torre de Núñez.
Combustibles Salcedo.

3. Colaboran:

Protección Civil.
Guardia Civil.
Policía Local de Baiona.
BRILAT.
Coca Cola.
Bodegas REGINA VIARUM y ALTOS DE TORONA.
SENRA alquiler de maquinaria

4. Datas e horarios da carreira:

Domingo 3 de xuño 2018.
09:00 h. - 1ª Saída.
09:10 h. - 2ª Saída / saída feminina.
Hora de finalización da proba: 13:00 horas aproximadamente.

5. Distancia:

Distancia ESTÁNDAR **DRAFTING NON PERMITIDO.**

- Natación 1500 m. (1 volta) .
- Ciclismo (2 voltas a un circuíto de 20 Km).
- Carreira a pé (2 voltas a un circuíto de 5 Km).

6. Inscricións e prezos:

Dende o 15 de marzo ata o 29 de maio 2018 ou completar inscricións.

Poderanse inscribir deportistas populares previo pago da LICENZA DE 1 DÍA que se aboarán coa inscrición.

NÚMERO DE PRAZAS LIMITADO A 400 + 50 INVITACIÓNS PARA USO DISCRECIONAL DA ORGANIZACIÓN.

Prezos:

36,00 € ata o 15 de abril ou fin de prazas.

40,00 € dende o 16 de abril ata o 29 de maio.

Estes prezos incrementaranse 12 € en concepto LICENZA DE 1 DÍA para quen non posúa licenza federativa en vigor.

É dicir, para quen non teña licenza federativa de tempada os prezos serán:

36 € + 12 € = 48 € ata o 15 de abril ou fin de prazas.

40 € + 12 € = 52 € dende o 16 de abril ó 29 de maio ou fin de prazas.

Procedemento de inscrición.

Data límite: martes 29 de maio do 2018

Federados con licenza de ámbito estatal.

CLUBS.

Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [Regulamentos/Inscricións](#) e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.

Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

O pagamento deberá facerse con tarxeta bancaria a través de TPV.

Licenzas 1 día.

Unha vez no apartado COMPETICIÓNs picarase en [REGULAMENTOS/INSCRICIÓNs](#) para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos.

O Pagamento realizarase a través de TPV con tarxeta bancaria.

(Custe licenza de 1 día de 12 €+ 36 € Inscrición ata 15 de abril ou fin de inscricións) Total 48 €.

(Custe licenza de 1 día de 12 €+ 40 € Inscrición do 16 de abril ao 29 de maio Total 52 €.

Imprescindible, para que a inscrición sexa válida, enviar a copia do DNI en vigor á Federación Galega de Triatlón fegatri@hotmail.com

7. Devolucións:

Ata o 31 de Marzo devolveranse **15 €**.

Dende o 1 de abril ata o 15 de abril devolveranse **10 €**.

Dende o 16 de Abril ata o 29 de maio **NON HABERÁ DEVOLUCIONS.**

As baixas formalizaranse comunicando mediante email á Federación Galega de Triatlón fegatri@hotmail.com

As devolucións serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións.

PUBLICACIÓN LISTAS DE INSCRITOS:

Publicación lista provisional: Completadas as prazas e o xoves anterior á proba publicaranse a listas provisionais de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo.

Publicación da lista definitiva: o venres anterior á proba publicárase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

Unha vez pechado o prazo de inscrición estas non admiten modificacións.

8. Lista de espera:

En caso de cubrir as prazas a organización elaborará unha lista de espera por rigorosa entrada de solicitude da inscrición completa, por *email* cos datos do triatleta solicitante, (nome completo, DNI e club ó que pertence). triatlonatlanticobayona@gmail.com

9. Tempos de corte:

NATACIÓN: 60 minutos. Hora límite para finalizar este segmento 10:05 h .
CICLISMO: 150 minutos. Hora límite para finalizar este segmento 11:35 h.
CARREIRA: As 13.00 horas darase por finalizada a proba.

Todo aquel que exceda os tempos de corte será retirado da competición.

10. Cronometraxe:

A proba contará con cronometraxe de CHAMPIONCHIP.

Aqueles participantes que non teñan CHIP AMARELO en propiedade, terán que aboar unha fianza de 25 € o día da proba cando recollan o dorsal, dos cales lles serán devoltos 23 € o finalizar a carreira (2 € aluguer do chip) ou ben poderán quedarse co chip en propiedade, o que lle permitirá participar co mesmo en calquera proba de triatlón ou atletismo cronometradas con sistema de cronometraxe CHAMPIONCHIP.

11. Saída, boxes e meta:

Saída en Praia de A Barbeira.

Boxes e meta situados nas pistas polideportivas do Parque da Palma.

12. Recollida de dorsais:

Pabellón de deportes de Baiona de 17:30 h. a 19:30 h do sábado 2 de xuño.

Rúa Dolores Agrelo, 7,36300 Baiona, Pontevedra.

Carpa da organización (zona de boxes) de 07:30 a 08:45 o domingo 3 de xuño.

13. Reunión técnica:

As 18:00 h do sábado 02 de xuño Casa da Navegación.

Rúa Ventura Misa, 17,36300 Baiona, Pontevedra.

14. Control de material:

Boxes de 07:30 a 08:45 do domingo, 3 de xuño.

Parque da Palma, Baiona.

15. Categorías:

CATEGORÍAS (MASCULINA E FEMININA).

-ABSOLUTA.

-JUNIOR.

-SUB 23.

-VETERAN 1, 2 e 3.

16. Premios:

- Trofeos para os tres primeiros clasificados absolutos en categorías feminina e masculina.
- Medallas para os tres primeiros clasificados en cada categoría, feminina e masculina, do Cto. Galego de Triatlón.

Premios económicos :

- o 1º clasificados absolutos en categoría masculina e feminina. 300,00 €
- o 2º clasificados absolutos en categoría masculina e feminina. 200,00 €
- o 3º clasificados absolutos en categoría masculina e feminina. 100,00 €

A cerimonia de entrega de premios terá lugar as 13:30 h no Parque da Palma.

8.6 Entregas de Premios.-Os/as deportistas e/ou clubs que non estean na entrega de premios (salvo causa de forza maior) non os recibirán, e serán sancionados por desconsideración ao organizador e ao resto dos deportistas (segundo os estatutos en vigor). Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar ata o seu abono.

***Importante.- PREMIOS DE CAMPIONATO GALEGO.**

Os Campións Galegos, de calquera categoría, deberán estar en posesión de **LICENZA GALEGA** da tempada e ter nacido en Galicia ou estar empadroados en algún concello galego con antigüidade mínima de xaneiro da tempada anterior.

*A cédula de empadroamento deberá acreditarse ante a Federación Galega de Triatlón antes do remate do prazo de inscricións.

17. Normas de competición

A carreira rexeráse segundo as normativas vixentes do *Regulamento Oficial de Competición* da Federación Galega de Triatlón e pola normativa vixente da Federación Española de Triatlón

[Ver o Regulamento de Competición FETRI 2018](#)

[Ver normativas FETRI](#)

[Ver Regulamentos FEGATRI](#)

Norma “Non Drafting”.

No segmento ciclista prohibese ir a roda de outro corredor, así como rodar en pelotón.

En canto a este aspecto a organización remítese á normativa de FETRI.

(art. 5.5, 5.6, 5.7 e art. 3 do Regulamento de Competición).

[Ver o Regulamento de Competición](#)

Norma anti-residuos.

Tódolos envases, bidóns de ciclismo, botellas, latas, papeis.....deberán ser depositados nos avituallamentos habilitados.

Colabora para deixar os circuítos igual que estaban antes do paso da carreira.

Seguridade e asistencia médica.

A seguridade na vía pública será responsabilidade do corpo da Guardia Civil, Policía Local de Baiona e Protección Civil, en coordinación coa organización da proba, no obstante, todo participante respectará as normas de Circulación e Seguridade Viaria.

Os servizos médicos da organización destinados ó longo do percorrido, estarán autorizados a retirar a calquera participante por razóns médicas.

Calquera vehículo de emerxencia que precise utilizar o percorrido do ciclismo para circular poderá facelo indicando a súa posición mediante sinais luminosas e sonoras. En tódolos casos o vehículo terá preferencia sobre os triatletas, os que deberán ceder o paso.

Vehículos autorizados.

Os vehículos motorizados, bicicletas ou patinadores que non pertencan a organización non poderán transitar polos circuítos da proba.

Aqueles que realicen o seguimento das probas, levarán unha identificación visible en todo momento.

O feito de recibir axuda externa distinta da que aporta a organización ou facerse acompañar por algún vehículo, bicicleta, patinador ou corredor suporá a descualificación do participante.

Reclamacións e apelacións.

Segundo o regulamento da FEGATRI.

[Ver Procedemento Reclamación/Apelación](#)

Civismo e respecto

Os participantes aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométese honestamente a non anticiparse ao momento da saída e a cubrir tódolos tramos completos antes de cruzar a liña de meta. Así mesmo, manifestan ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes. Comprométese tamén a tratar o material deportivo propio e alleo con respecto.

No incumprimento dalgunha destas normas cívicas será proposto por parte da organización ós xuíces e oficiais para que sexa motivo de amoestación.

Incídese no respecto absoluto e a observancia das normas de circulación e de seguridade viaria, co fin de evitar situacións perigosas que acarreen danos irreparables para o deportista como para terceiros.